


DESCRIBIÓN DA TAREFA OU SITUACIÓN

ARNESES E SISTEMAS ANTICAÍDAS

Os arneses de seguridade e sistemas anticaídas asociados deben ser usados ben como protección complementaria ou ben como equipo de protección único.

Os elementos que compoñen o sistema anticaída son o *arnés de seguridade*, o *absorbedor de enerxía*, *liña de amarre*, *conectores* ou *mosquetóns a puntos de ancoraxe* ou *liñas de vida*.

O uso de sistemas anticaídas é obrigatorio cando non se elimine na súa totalidade o risco de caída a distinto nivel mediante a colocación de proteccións colectivas ou cando esta sexa insuficiente.



RISCOS EXISTENTES NA SITUACIÓN DESCRITA

*Efecto péndulo / ioió.

*Factor de caída.

*Caída a distinto nivel pola rotura da liña de amarre por rozamento.

*Danos a terceiros: caída de obxectos.

NORMAS DE TRABALLO (INSTRUCCIÓN OPERATIVAS)

*Debe comprobarse sempre a solidez das ancoraxes, que debe ser superior a 5000 Kg.

*Empregarase sempre o equipo de protección durante todo o tempo que dure o traballo que hai que realizar.

*Dispor de absorbedor de enerxía na montaxe do sistema anticaídas.

*Hai que evitar desgastes do equipo, e en particular:

- Rozamentos con arestas ou superficies rugosas.
- Contactos con superficies quentes, corrosivas ou susceptibles de engraxar os mecanismos.

*Non expor as cordas, cintas e arneses aos efectos nocivos dos procesos de soldadura, do sol, do po, nin doutros axentes agresivos innecesariamente.

*Sinalizar no equipo calquera anomalía e non volver a utilizar ningún equipo que sufrise unha caída.

*Non utilizar nunca elementos do equipo de forma colectiva.

*Non deixar o equipo á intemperie.

